

## SESIÓNS DE ARTE. 3 ANOS.

Como ben sabedes iniciamos terceiro trimestre, e de momento faremolo así, telematicamente, agardando que a tódalas familias vos resulte fácil e divertido levar a cabo as tarefas que iremos recollendo neste apartado.



Cada semana traballaremos diferentes contidos e obxectivos a través de varias propostas, especificando todo o que precisades para realizalas.

### SEMANA 14-19 ABRIL


Ó longo deste curso viñemos presentándolle ós pequenos/as de 3 anos os diferentes materiais cos que podemos debuxar, pintar, e cando chegase o momento, esculpir. Buscábase achegalos tamén a diversas técnicas para ilos introducindo pouco a pouco no marabilloso mundo da arte. Así que, para estas semanas de confinamento seguiremos nesa liña.

#### ***Proposta 1. "A chegada da primavera"***

Para dar a benvinda a esta primavera tan caseira, imos levar a cabo técnicas diferentes nunha lámina que nos vai quedar preciosa!

Precisamos: unha cartulina (tamaño folio), un anaco de esponxa, pintura azul (témpera, pintura de dedos, ou similar), laranxa, amarela, e vermella (ou outras cores que teñamos pola casa), papel de seda verde ou similar (válenos de servilleta, ou papel hixiénico), pegamento de barra e garfos.

1ª tarefa. Poñemos o nome por detrás na cartulina (o que saiba soíño/a e senón axudámoslle), e no outro lado empezamos a pintar coa esponxa empapada na cor azul. Cubrimos toda a cartulina e deixámola a secar.



2ª tarefa. Mentres seca a pintura, cortamos anacos do papel de seda e imos proceder de dúas maneiras, uns imolos arrugar fázendo boliñas pequenas, e outros rachámoslos coas mans en partes tamén pequenas. Facemos de ámbolos dous dabondo e reservámoslos.

3ª tarefa. Xa seca a pintura, pegamos coa barra de pegamento os anaqueños rachados do papel verde facendo coma si fora campo na parte inferior da cartulina. Collemos agora as boliñas e pegámoslas facendo filas en vertical (que levanten un cacho do campo), separadas entre sí (con 5 son suficientes).



4ª tarefa. Mollamos os garfos nas outras pinturas (vermella, rosa, amarela,...) e moi amodiño estampámolo no papel, simulando un tulipán. A que nos quedou ben chuli?



5ª tarefa. Deixámolo secar e gardámolo nun cartafol que logo traeremos á clase.

### SEMANA 20-26 DE ABRIL.

Seguimos coa estampación e imos botar man da despensa.

#### **Proposta 2. “ Teño fame”.**

Precisamos: unha pataca, unha laranxa, un limón, unha pera, unha cenoria, unha cebola, un tomate, ...(con 4 ou 5 alimentos deste tipo que teñades pola casa xa temos suficiente), unha cartulina, un pincel, e pintura de dedos( ou témpera).

Hoxe imos estampar alimentos na cartulina, seguindo éstos pasos:

1º. O adulto/a corta pola metade os alimentos que vaiamos usar , e ten a disposición do neno/a o resto do material.

2º. Poñemos o nome pola parte de atrás da cartulina (como na sesión anterior).

3º. Empapamos o pincel na pintura que máis nos guste e pintamos a metade dun dos alimentos pola cara interna. Feito isto e antes de que seque a pintura, estampámolo na cartulina con forza sen facer movementos. Imos facendo o mesmo cos demais alimentos. Podemos empregar toda a cartulina para as impresións. Non teñen porque gardar ningunha orde. Cantas máis fagamos e con máis cores, mellor. Ademáis danos xogo para preguntar polo distintos alimentos, tocalos e incluso probalos.

4º. Cando todo estea sequiño, gardámolo no cartafol de arte, que logo traeremos para a escola.





## SEMANA 27 DE ABRIL A 3 DE MAIO

Desta volta imos xogar coas cores e as burbullas!

### **Proposta 3. "Burbullas de cores".**

Precisamos: auga, xabón líquido (pódenos servir o de lavar a louza), pintura (acuarela, témpera,..), 4 ou 5 recipientes pequenos (tipo vasos, tapas grandes) ,un pincel, un folio e unha palliña. Imos alá:


1º. Coa axuda do neno/a imos poñendo un pouco do xabón líquido nos diferentes recipientes, e despois un pouco de auga tamén.

2º. Mollamos o pincel cunha cor e soltamos as pingas enriba dun dos recipientes. Acto seguido mesturámolo ben. Facemos o mesmo coas demáis cores, tendo así en cada recipiente unha cor distinta (non esquezas lavar o pincel entre cor e cor).

3º. Introducimos a palliña (que podemos cortar pola metade) por un dos extremos nun recipiente, achegámolo ó folio e sopramos ben forte! Afuuuuu!!! Volvemos a mollar e outra vezzzzz!! Se imos movendo a palliña imos enchendo o papel de burbullas algunha gotiña tamén.

4º. Facemos o mesmo con tódolos recipientes ata que teñamos cantas burbullas queiramos no folio. Deixamos secar...que bonito queda eh!

5º. Antes de metelo no cartafol que virá para o cole, poñemos o noso nome por detrás.



Agardo que disfrutades e non vos quedara moito estrago para limpar!

Ata a próxima, coidádevos!